

LIED em

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA SANXENXO

CURSO 2022/23

MÁS INFORMACIÓN

Concellería de Cultura e Educación

Pazo Emilia Pardo Bazán, Trav. Miraflores, 3 – SANXENXO

Teléfono: 986 72 79 36 Enderezo electrónico: lied_em@sanxenxo.es

Centro autorizado pola:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

O PLAN DE ESTUDOS

A Escola de Música Municipal de Sanxenxo ten as súas instalacións no Pazo Emilia Pardo Bazán e ofrece un plan de estudos que coordina unha formación musical para todas as idades.

MATERIAS	DURACIÓN	DESTINATARIOS	ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS
INICIACIÓN MUSICAL 1	50 min.	4º Ed. Infantil (3 anos)	ÓBOE FRAUTA FAGOT CLARINETE SAXOFÓN TROMPA TROMPETA TROMBÓN TUBA/BOMBARDINO VIOLONCELLO CONTRABAIXO GUIARRA PIANO PERCUSIÓN
INICIACIÓN MUSICAL 2	50 min.	5º Ed. Infantil (4 anos)	
MÚSICA E MOVEMENTO 1	90 min.	6º Ed. Infantil (5 anos)	
MÚSICA E MOVEMENTO 2	90 min.	1º Ed. Primaria (6 anos)	
PREPARATORIO PRIMEIRO E SEGUNDO		2º Ed. Primaria (7 anos)	
- Linguaxe Musical	90 min.		
- Instrumento	45 min.		
- Coro	90 min.		
TERCEIRO E CUARTO			
- Linguaxe Musical	120 min.		
- Instrumento	45 min.		
- Coro	90 min.		
MATERIAS OPCIONAIS			
Conxunto Infantil (Alumnado de 1º de Violoncello, Percusión e Vento)	45 min.		
Conxunto Instrumental (Alumnado de Violoncello, Percusión e Vento)	90 min.		

As materias de *Iniciación Musical*, *Música e Movemento* e *Linguaxe Musical* serán impartidas de maneira colectiva polo que o alumnado será encadrado en grupos segundo o seu nivel e sendo o máis homoxéneos posible en canto a idade. As clases de *Instrumento* serán individuais.

As clases organízanse en función do calendario escolar do Concello de Sanxenxo, polo que nos períodos de vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa, así como festivos e non lectivos marcados no calendario como oficiais, non se impartirán clases.

SOLICITUDE DE PRAZA E MATRÍCULA

ALUMNADO XA MATRICULADO NO CURSO 2021/22

Deberán realizar a matrícula para o curso 2022/23 entre o **23 de maio e o 5 de xuño** presentándoa preferiblemente na sede electrónica do O.A. Terra de Sanxenxo (<https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal>). Para elo é necesario dispoñer de DNIe, Certificado Dixital e/ou os sistemas de claves concertadas de Cl@ve. Opcionalmente, poderase facer de maneira presencial no rexistro do Concello (R/ Madrid, 1 – Sanxenxo) de luns a venres de 9,00 h a 14,00 h. **IMPORTANTE:** deberase achegar o libro de familia e o DNI do pai/nai que solicita a matrícula.

SOLICITUDE DE PRAZA PARA ALUMNADO NON MATRICULADO NO CURSO 2021/22

Dende o **6 ao 24 de xuño** no modelo normalizado presentándoa presencialmente no Pazo Emilia Pardo Bazán ou no enderezo electrónico lied_em@sanxenxo.es. Unha vez confirmada a aceptación do/a alumno/a por parte da Escola deberase formalizar a matrícula tal e como se indica no párrafo anterior.

TAXAS E FORMA DE PAGO

Unha vez realizada a matrícula, para o pago da mesma, remitirase por correo electrónico a carta de pago para realizar o ingreso na caixa de calquera das entidades colaboradoras (ABANCA e Banco Sabadell), nos caixeiros automáticos ou a través da pasarela de pagos da Oficina Virtual Tributaria do O.A. Terra de Sanxenxo <https://terradesanxenxo.ovt.gal/>.

As taxas mensuais serán aboadas a través de domiciliación bancaria. O cobro de cada mensualidade farase a mes vencido unha vez que comece o curso 2022/23. Os gastos bancarios de devolución correrán a cargo da persoa solicitante.

MATRÍCULA	20,00 €/ANO
MATERIA	TAXA MENSUAL
INICIACIÓN MUSICAL	20,00 €
MÚSICA E MOVEMENTO	20,00 €
INSTRUMENTO	40,00 €
INSTRUMENTO+LINGUAXE MUSICAL	40,00 €
2º INSTRUMENTO	15,00 €
CORO, CONXUNTO INFANTIL E CONXUNTO INSTRUMENTAL	0,00 €

Bonificacións nas taxas
Familias numerosas (deberase achegar fotocopia do título): Categoría especial: bonificación do 100% das taxas Categoría xeral: bonificación do 50% das taxas
As familias con dous fillos/as inscritos/as nas Escolas Municipais: 25% de desconto a cada un deles nas cotas mensuais.

INFORMACIÓN RELEVANTE

Os casos de problemas legais de tutela ou doutro tipo que afecten á relación materno/paterno/filial deberán comunicarse e acreditarse a través do documento legal pertinente.

No caso de producirse algún accidente durante a actividade, a asistencia sanitaria correrá a cargo do seguro do pai/nai/titor/a do/a alumno/a.